

1.1 Sumario

- 1 TEMPORALIZACIÓN DA ENTREGA DE DOCUMENTOS ERASMUS PARA O ANO 2010-2011

- ◆ 1.1 Documentos a entregar en todo o proceso
- ◆ 1.2 Calendario de entrega de documentos
- ◆ 1.3 Documentación a encher durante o ano Erasmus

1.1.1 TEMPORALIZACIÓN DA ENTREGA DE DOCUMENTOS ERASMUS PARA O ANO 2010-2011

1.1.1.1 Documentos a entregar en todo o proceso

1. **Formulario de solicitude da bolsa** (Solicitude de fondos) para o seguinte curso (Erasmus 2011/12)
2. **Contrato de Subvención**, este documento envíase unha vez que se saiba o número de mobilidades que concedeu a OAPEE (Erasmus 2011/12) ([Exemplo contrato](#))
3. **Informe Intermedio**: o obxecto deste informe é confirmar as mobilidades que se fixeron (mobilidades reais) tendo en conta as que foron concedidas. No caso do IES San Clemente, para o ano 2010/11 ten concedidas 6 mobilidades .(Erasmus 2010/11)
4. **Enmenda o contrato** (Erasmus 2010/11)
5. **Informe Final**: Informe final en relación coas mobilidades (Erasmus 2010/11)
6. **CONTRATO DE SUBVENCIÓN COMPLEMENTARIA** do MEC (Erasmus 2010/11)
7. **Bolsa da Xunta de Galicia**: no caso de que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia publique axudas para realizar o período de FCT no estranxeiro
8. **Outras bolsas**: pódense solicitar outras bolsas ó longo do curso como complemento para a bolsa Erasmus, como son as de **Caja Madrid**

1.1.1.2 Calendario de entrega de documentos

MARZO 2010

1. **Solicitude de Fondos** para o curso 2011 / 2012 ([Dispoñible na páxina da OAPEE](#)):

Formulario de solicitude da bolsa para o seguinte curso, no que hai que especificar o número de mobilidades que se solicitan e o tipo de mobilidades que se solicitan. (*no IES San Clemente actualmente temos a Carta Erasmus Extendida, polo tanto soamente podemos solicitar Movilidades para a Realización das Prácticas do alumnado*) (

XUÑO 2010

1. **Distribución de Fondos** do ano 2011 / 2012:

No mes de xuño a OAPEE publica o número de mobilidades concedidas a cada centro. Isto consúltase na páxina da [OAPEE](#).

XULLO 2010

1. Firma **CONTRATO de SUBVENCIÓN OAPEE**, contrato para **movilidades do 2011 / 2012** (Contrato que debe ser firmado e selado polo director e polo banco onde se fará o ingreso da axuda)

Neste contrato refléxase toda a normativa relacionada coa bolsa Erasmus. Tal como:

- ◇ Financiación da Actividade: Tipo de mobilidades pola que se percibe a axuda. Cantos cartos se perciben e cando se perciben eses cartos
- ◇ Condicións de pago da Axuda Erasmus: estas condicións adoitan ser, 45 días despois de enviar firmado o contrato de subvención a OAPEE fai o pago do 80% da axuda. O restante 20% da axuda percibirase despois de que se envíe o informe Intermedio e sexa aprobado pola OAPEE.
- ◇ Neste contrato tamén aparece a conta bancaria do Instituto onde se fará o ingreso da axuda, polo tanto este contrato **debe ser firmado pola directora, selado polo instituto, e firmado e selado pola sucursal do banco onde se atopa a conta bancaria do Instituto.**

ABRIL 2011 (Antes do 15 Abril 2011)

1. Entrega do **INFORME INTERMEDIO** do Erasmus 2010 / 2011 (*Recíbese por correo electrónico*)

Neste informe refléxase a **previsión** (número de mobilidades concedidas pola OAPEE) e **Datos Contrato** (número de mobilidades reais, é dicir, que se fixeron efectivas).

Despois de que este informe sexa aprobado pola OAPEE o centro percibirá o 20% da axuda inicial

Si se fixeron máis mobilidades das que concedeu a OAPEE debe reflexarse neste informe, porque si sobran fondos a OAPEE podería conceder unha nova axuda a eses estudantes *Erasmus 0*, é dicir, que participaron no programa Erasmus sen recibir axuda.

XUÑO 2011

1. Redistribución e **enmenda o contrato**. (*Recíbese por correo electrónico*)

2. Entrega do **CONTRATO DE SUBVENCIÓN COMPLEMENTARIA** do Erasmus 2010 / 2011:

Este contrato é a bolsa complementaria que da o MEC como complemento da bolsa Erasmus. (*Entregar firmado pola directora e selado polo centro*)

Antes 31 OCTUBRO 2011

1. Entrega do **INFORME FINAL** do Erasmus 2010 / 2011 (*Recíbese por correo electrónico*)

1.1.1.3 Documentación a encher durante o ano Erasmus

Ademais da documentación que se debe cumprimentar e enviar a OAPEE (detallada no apartado *Documentos a entregar en todo o proceso*) hai que cumprimentar a seguinte documentación que debe ser gardada no centro para posibles auditorías, os documentos son:

1. **Acordo de colaboración**: Documento onde a empresa de acollida describe as actividades que o alumno vai realizar durante o período de prácticas. (*Ficheiro do acordo colaboración*). Este documento debe ser firmado polo estudante, a empresa de acollida e o centro de orixe.
2. **Certificado final** -Certificate of Attendance-: Documento que debe ser firmado cando se remate o período de prácticas pola empresa de acollida onde certifica o período de prácticas reais realizado e as tarefas feitas.
3. **Informe final do estudante para prácticas en empresa** : Documento que debe ser cumprimentado polo estudante onde reflexa e avalía a súa experiencia durante o período de prácticas.